

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernanda Sánchez Figueiras, a Marino Dónega do 07/06/1976

Colección:

Data: 07/06/1976

De:

Luís Seoane;

Para:

Marino Dónega; Fernanda Sánchez Figueiras;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Espazos artísticos; Padroado do Museo Carlos Maside;

Mencionados:

José Rey Romero; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Fernanda Sáñez Figueiras, a Marino Dónega do 07/06/1976

Buenos Aires, 7 de Xunio de 1976

A Fernanda e Marino Dónega
A Coruña

Moi queridos amigos:

Recibín a carta de Marino fai dous ou tres días coas noticias da situación legal do Museo. Estas xa as conocía, mais, matino que non se pode agardar a que se resolva o pleito sen tomare denantes medidas de amparo e dotación económica acordada polo Castro. É moi difícil atendendo a soio o disposto polo código mais penso que se pode facer público o caso e iniciar unha campaña en pro da modificación do dereito de retracto cando a cesión é acordada por unha maioría de accionistas en beneficio da colectividade a traveso de institucións culturais e benéficas. As leises que rixen as sociedades fixéronse para unha época moi distinta á actual, tendo mais, ou soio, en conta os dereitos individuais e os patrimonios dos asociados que os intereses colectivos. Sería útil, penso, chegar a obter unha sentenza que modificase ese espírito ofrecendo os accionistas a posibilidade de que unha parte das acciós de unha sociedade servise á cultura ou a resolver as necesidades populares. Facer unha campaña en pro do Museo, ou desa cesión de acciós xa cedidas pra o Museo pois penso que tería de sere moi útil. O Patronato está constituído pola millor xente de Galicia, a que mais lle debe a nosa terra, e o Patronato ten que decidir que facer pra defender a donación do Castro fronte ao vertolán Pepe Rey a quen ten sen coidado o Museo, ou calquera clase de institucións culturais e Galicia enteira. Os xueces teñen que ir trocando a forza de sentencias as disposicións envellecidas dos códigos. O voso abogado contrincante non fixo outra cousa, dende que o coñezo, que defender a letra dos códigos, estorcegándoa, espreméndoa, sen nengunha imaxinación, somentes coa abelencia de calquer laberco. Perdóname este desafo. Mais é que o abogado ten a obriga de se decatar da proieición que pode ter a súa acción e, en este caso, supoñendo que ganase o pleito, perxudica en Galicia unha institución cultural que xa é útil, podendo selo moito mais aínda no porvir. Popularmente nos imos ganar.

Eiquí en Buenos Aires primeiro vivindo, que é xa moito, e logo traballando ao que damos. No orde cultural é un gran ano en moitos aspectos, principalmente no musical, decíase fai poucos días por T.V. que en nengunha cidade se reunía nos derradeiros tempos tanta cantidade de grandes concertistas. Moito teatro, cine, conferencias, congresos internacionais, exposiciós, etc. Mais a xente, nesta cidade de noctámbulos, ten medo da noite. Na noite mátase.

Hoxe non teño mais nada que decirvos, unicamente que sinto unha fonda envexa dos que gozan da soedade. Eu tiña un tio que se fixera protestante e vivía soio nun monte que mercara para él perto de Arzúa. Tampouco sei si lendo cuasi somentes a Biblia, tan chea de mortes, un pode sentírese feliz.

Lembrámonos de todos os amigos comúns, moitas apertas. Unha grande aperta de Maruxa e miña pra os tres:

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.